

CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29 DE XANEIRO DE 2009

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e nove de xaneiro de dous mil nove, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista:

D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D. José Eduardo Zapata Roel
D.^a Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

D. Manuel Parga Fernández
D. Antón Sánchez García

Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutiérrez Ortiz
A secretaria xeral: D.^a M.^a de las Mercedes Fernández González

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 27 DE NOVEMBRO E 15 DE DECEMBRO DE 2008.

2.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, CON REFERENCIA Ó 31-12-2008.

3- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO “PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE MEJORA DE ACCESIBILIDAD EN EL EDIFICIO DEL AYUNTAMIENTO DE BERGONDO (A CORUÑA)”.

4- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO “MEJORA DE DIEZ PARQUES INFANTILES EN EL CONCELLO DE BERGONDO ” INCLUIDO NO “PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍLS 2009” DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

5- RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS CONTRA A APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2009. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

6- ASUNTOS URXENTES

7- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

8- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 27 DE NOVEMBRO E 15 DE DECEMBRO DE 2008.

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes ás sesións plenarias dos días 27 de novembro e 15 de decembro de 2008. A Sra. alcaldesa pregunta se algún integrante da Corporación ten que formular algunha observación ás ditas actas; non se formulan, polo que se aproban por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, CON REFERENCIA Ó 31-12-2008.

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“O Pleno Municipal na sesión que tivo lugar o día 31 de xaneiro de 2008, aprobou a rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, que presentaba o seguinte resumo xeral con referencia ó 31 de decembro de 2007:

<u>EPÍGRAFE</u>	NATUREZA DOS BENS	VALORACIÓNS
1º INMOBLES:	Anos: 1977 á 1995: <i>RÚSTICAS + URBANAS:</i> Anos: 1996 á 2006: <i>Subepígrafe 1.1.- FINCAS URBANAS (fichas 1-12):</i> <i>Subepígrafe 1.2.- FINCAS RÚSTICAS (fichas 1-7):</i> <i>Subepígrafe 1.3.- CONSTRUCIÓNS (fichas 1-4):</i> Ano 2007: <i>Subepígrafe 1.3.- CONSTRUCIÓNS (ficha 5):</i> <i>BAIXAS:</i> <i>Subepígrafe 1.1.- FINCAS URBANAS (fichas 1 e 8)</i>	1.956.299,53 € 850.709,37 € 142.166,89 € 392.758,69 € 262.993,07 € -116.204,78 € TOTAL EPÍGRAFE 1º.....
		3.488.722,77 €
2º.- DEREITOS REAIS:	Non constan	
3º.-MOBLES HISTÓRICOS, ARTÍSTICOS,ETC :	Anos: 1996 á 2006 <i>Subepígrafe 3.2.- MOBLES DE CARÁCTER ARTÍSTICO (f.1-2)</i> Ano 2007: <i>Subepígrafe 3.2.- MOBLES DE CARÁCTER ARTÍSTICO (f. 3-4)</i>	800,00 € 33.412,00 € TOTAL EPÍGRAFE 3º.....
		34.212,00 €
4º.-VALORES MOBILIARIOS:	Non constan	
5º.- VEHÍCULOS:	Anos: 1977 á 1995: Anos: 1996 á 2006 (fichas 1-11): Ano 2007: <u>Subepígrafe 5.1.- VEHÍCULOS (fichas: 12 á 14)</u> <i>Subepígrafe 5.2.- OUTROS VEHÍCULOS: Non se produciron</i>	180.306,59 € 189.257,97 € 149.318,43 € TOTAL EPÍGRAFE 5º.....
		518.882,99 €
6º.- SEMOVIENTES:	Non constan	
7º.-BENS MOBLES:	Anos: 1977 á 1995: 1996 á 2006 <i>Subepígrafe 7.1.- MOBILIARIO (fichas 1-232):</i> <i>Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS (fichas 1-19):</i> <i>Subepígrafe 7.3.- EQUI.NFORMÁTICOS (fichas 7,8,10-45):</i> <i>Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES (fichas 1-22):</i> Ano 2007: <i>Subepígrafe 7.1.- MOBILIARIO (fichas 233-258)</i> <i>Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS (fichas 20-23):</i> <i>Subepígrafe 7.3.-EQUIP. INFORMÁTICOS (fichas:43-44):</i> <i>Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES (fichas 23-29):</i>	189.165,72 € 229.941,55 € 31.650,63 € 40.927,43 € 17.164,06 € 184.165,33 € 21.647,66 € 8.128,14 € 9.114,81 €

	BAIXAS:	-1.877,21 €
	Subepígrafe 7.3.-EQUIP. INFORMÁTICOS (fichas 5,6,9)	-139,95 €
	Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES, medalla corporativa	2.017,16 €
	TOTAL EPÍGRAFE 7º.....	729.888,17 €
8º.- BENS DEREITOS REVERTIBLES:	Anos: 1996 á 2006:	
	8.1.- BENS REVERTIBLES (ficha 1)	17.490,00 €
	8.2.- DEREITOS REVERTIBLES (ficha1):	15.025,31 €
	Ano 2007::	
	Non constan	
	TOTAL EPÍGRAFE 8º.....	32.515,31 €
	VALORACIÓN TOTAL (1º+3º+5º+7º+8º)	4.804.221,24 €

Producíronse as seguintes **variacións** ata o 31 de decembro do **ano 2008**

Subsanación de erro.

EPÍGRAFE 1.º INMOBLES:

Na rectificación do Inventario do ano 2007, produciuse o seguinte erro: deuse de baixa a contía de 116.204,78 €, referente ó epígrafe 1º, subepígrafe 1.1.- fincas urbanas correspondente ás antigas fichas 1.- “Labradío adquirido para a posterior cesión á Consellería de Educación”, e ficha 8, “Terreo pertencente a un tramo de camiño que partía da estrada AC-164 a Armuño, desafectado de uso público por modificación das Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal”, permutado cunha propiedade de Manuel Rey, S.A., inventariada na ficha núm. 7 actual. A contía de ditas fincas non debería ser restada, debido a que xa non estaba recollida no total do citado Epígrafe; en consecuencia, queda subsanado na actualización correspondente ó ano 2008 .

ALTAS

EPÍGRAFE 5.º VEHÍCULOS:

5.1.- Vehículos

Vehículo destinado a Protección civil (ficha 15) 39.690,00.- €

Total Epígrafe 5º..... 39.690,00.- €

EPÍGRAFE 7.º MOBLES:

7.1.- MOBILIARIO:

Mobiliario destinado a diferentes Centros Sociais(fichas 259-261 e 263) 3.186,76.- €

Mobiliario destinado á Policía Local (ficha 262) 2.425,00.- €

Total.....5.611,76.- €

7.2.- EQUIPAMENTOS:

Emisores térmicos e radiadores para diferentes Centros Sociais (fichas 24-27) 929,06.- €

Pantalla, emisor e receptor para o edificio “A Senra” (ficha 28) 2.643,84.- €

Telón con riel e mando para o edificio “A Senra” (ficha 29) 5.220,00.- €

Cámara dixital con teleobxectivo (ficha 30) 1.548,60.- €

Total10.341,50.- €

7.3.- EQUIPOS PROCESOS INFORMÁTICOS:

Equipos informáticos e impresoras para as oficinas xerais do concello (fichas 45 e 46) 3.150,39.- €

1 equipo informático para a Biblioteca municipal (ficha 47)	1.007,12.- €
1 equipo informático e 1 ordenador portátil par o edificio “A Senra” (ficha 48)	2.018,40.- €
3 ordenadores portátiles (ficha 49)	3.466,08.- €
2 equipos informáticos para a Policía Local e Protección Civil (fichas 50 e 51)	1.615,98.- €
Total.....	11.257,97.- €

7.4.- OUTROS MOBLES:

3 pistolas con fundas e cargadores (ficha 30)	2.375,55.- €
Total	2.375,55.- €

Total Epígrafe 7º 29.586,78.- €
Valor total altas 185.481,56 €

BAIXAS:

NON SE PRODUCIRON

PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO

Resumo ó 31 de decembro/07:

A) METÁLICO:

Aproveito real do 10% en proxectos de compensación..... 20.929,91 €

B) INMOBLES:

Terreo cedido ó Concello co motivo de reparcelación17.281,07 €

ALTAS E BAIXAS ano 2008

Non se produciron

En base ó exposto, e, vistos os artigos 32, 33 e 34 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RB), propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a rectificación do Inventario de Bens e Dereitos Municipal con referencia ó 31 de decembro de 2008, e, así mesmo, separado, a do Patrimonio Municipal do Solo, cos seguintes resumos:

<u>EPÍGRAFE</u>	<u>NATUREZA DOS BENS</u>	<u>VALORACIÓNS</u>
1º INMOBLES:	Anos: 1977 á 1995: RÚSTICAS + URBANAS:	1.956.299,53 €
	Anos: 1996 á 2007:	
	Subepígrafe 1. 1.- FINCAS URBANAS (fichas 1-10):	850.709,37 €
	Subepígrafe 1. 2.- FINCAS RÚSTICAS (fichas 1-7):	142.166,89 €
	Subepígrafe 1. 3.- CONSTRUCIÓNS (fichas 1-5):	655.751,76 €
	Ano 2008: <i>Non se produciron</i>	
	TOTAL EPÍGRAFE 1º.....	3.604.927,55
2º.- DEREITOS REAIS:	Non constan	
3º.-MOBLES HISTÓRICOS, ARTÍSTICOS,ETC :	Anos: 1996 á 2006 Subepígrafe 3. 2.- MOBLES DE CARÁCTER ARTÍSTICO (f. 1-4)	34.212,00 €
	Ano 2008: <i>Non se produciron</i>	
	TOTAL EPÍGRAFE 3º.....	34.212,00 €

4°.-VALORES MOBILIARIOS:	Non constan	
5°.- VEHÍCULOS:	Anos: 1977 á 1995:	180.306,59 €
	Anos: 1996 á 2007 (fichas 1-14):	338.576,40 €
	Ano 2008:	
	<u>Subepígrafe 5.1.- VEHÍCULOS (ficha: 15)</u>	39.690,00 €
	TOTAL EPÍGRAFE 5°.....	558.572,99 €
6°.- SEMOVIENTES:	Non constan	
7°.-BENS MOBLES:	Anos: 1977 á 1995:	189.165,72 €
	1996 á 2007	
	<i>Subepígrafe 7.1.- MOBILIARIO (fichas 1-258):</i>	414.106,88 €
	<i>Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS (fichas 1-23):</i>	53.298,29 €
	<i>Subepígrafe 7.3.- EQUI.NFORMÁTICOS (fichas 1-44):</i>	47.178,28 €
	<i>Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES (fichas 1-22):</i>	26.138,91 €
	Ano 2008:	
	<i>Subepígrafe 7.1.-MOBILIARIO (fichas 259-263):</i>	5.611,76 €
	<i>Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS (fichas 24-30):</i>	10.341,50 €
	<i>Subepígrafe 7.3.-EQUIP. INFORMÁTICOS (fichas45-51):</i>	11.257,97 €
	<i>Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES (ficha 30):</i>	2.375,55 €
	TOTAL EPÍGRAFE 7°.....	759.474,86 €
8°.- BENS DEREITOS REVERTIBLES:	Anos: 1996 á 2006:	
	<i>8.1.- BENS REVERTIBLES (ficha 1)</i>	
	<i>8.2.- DEREITOS REVERTIBLES (ficha1):</i>	17.490,00 €
	Ano 2008::	15.025,31 €
	Non constan	
	TOTAL EPÍGRAFE 8°.....	32.515,31 €
	VALORACIÓN TOTAL (1°+3°+5°+7°+8°)	4.989.702,71 €

PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO, ao 31 de decembro/2008

METÁLICO:

Aproveito real do 10% en proxectos de compensación..... 20.929,91 €

INMOBLES:

Terreo cedido ó Concello co motivo de reparcelación 17.281,07 €

Bergondo, 19 de xaneiro de 2009.=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

3- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO “PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE MEJORA DE ACCESIBILIDAD EN EL EDIFICIO DEL AYUNTAMIENTO DE BERGONDO (A CORUÑA)”.

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Este concello ten previsto realizar unhas melloras de accesibilidade dentro do edificio municipal do concello, polo que se solicitou a elaboración do correspondente proxecto e requiriuse ós Servizos técnicos municipais de Vías e Obras a emisión dun informe sobre o mesmo, realizado con data 19/01/09 e que xa consta no expediente.

En consecuencia co anterior propónse ó Pleno que, previo exame do citado expediente, adopte o seguinte acordo:

Primeiro: *Aproba lo proxecto nomeado “Mellora de accesibilidade no edificio do Concello de Bergondo”, cun importe de 152.259,52 €, e IVE de 24.361,52 € , redactado por don Felipe García Bescansa, arquitecto, e colexiado núm. 3239.*

Segundo: *Declarar que non se necesita ningunha autorizacións administrativa para realizar a obra, de acordo co informe do arquitecto municipal, Roberto M. Chao Gavilán.*

Terceiro: *Comunica-lo presente acordo ós Servizos técnicos municipais co fin de que se proceda a formaliza-la acta de replanteo, requisito previo para a tramitación do expediente da contratación.*

Cuarto: *Facultar expresamente á Sra. alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.*

De tódolos xeitos o Pleno municipal decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 15 de xaneiro de 2009=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

Seguidamente toma a palabra a Sra. alcaldesa e manifesta: como xa se comentou na Comisión Informativa, este proxecto o presentamos no Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas da Deputación coa esperanza de que nos dean unha subvención suficiente para poder acometer a obra, que non soamente inclúe poñer un ascensor, senón tamén a posibilidade aberta ó día de mañá, que haxa unha ampliación do edificio do concello.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

4- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO “MEJORA DE DIEZ PARQUES INFANTILES EN EL CONCELLO DE BERGONDO ” INCLUÍDO NO “PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍS 2009” DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Con data 05/11/08 e núm. 6933 de Rexistro xeral de entrada, recibíuse unha circular da Excma. Deputación provincial coas bases reguladoras do Plan especial de parques infantís 2009, comunicando, entre outros, que a contía da Deputación para financiar cada proxecto

será dun 85% do presuposto, ata un máximo de 60.000,00 € por concello, e a achega municipal mínima será do 15% do presuposto.

A base núm. 2 deste Plan establece que a finalidade é a de cooperar cos concellos da provincia con poboación inferior ós 20.000 habitantes, na realización dos investimentos necesarios para a mellora e reforma dos parques infantís municipais xa existentes, coa finalidade de adecualos ás esixencias do Decreto 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís (DOG nº 89 de 9 de maio de 2003).

Por iso, o obxecto deste plan concrétese na realización de todas as actuacións precisas para adaptar os parques infantís municipais á citada norma, co obxectivo de que no seu conxunto cada un dos parques cumpra na súa totalidade a normativa vixente aplicable.

Así mesmo na base núm. 5 detállase a documentación que deberá presentarse no citado Organismo, ata o vindeiro 31 de xaneiro, que é a seguinte: un só proxecto técnico, un informe técnico e fotografías, unha memoria xustificativa e unha certificación do acordo plenario municipal de participación no presente Plan.

En consecuencia procedeuse a solicita-la elaboración do proxecto correspondente e a requirir dos Servizos técnicos municipais de Vías e Obras a emisión dun informe sobre o mesmo, e que conta no expediente con data 09/01/09, co fin de propoñer ó Pleno que, previo exame do citado expediente, adopte o seguinte acordo:

1º) – Participar no Plan especial de parques infantís 2009, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización do investimento que se indica de seguido:

Denominación da obra	Orzamento total (IVE engadido)	Achega municipal	Achega provincial
“MELLORA DE DEZ PARQUES INFANTÍS NO CONCELLO DE BERGONDO”	70.945,58 €	10.945,58 €	60.000,00 €

2º) – Aprobar o proxecto técnico da obra relacionado no punto anterior, redactado por don Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, e núm.4657 de colexiado.

3º) - Para o financiamento do importe da achega municipal, ésta atópase incluída no proxecto de orzamento municipal para o exercicio de 2009.

4º) – Declarar que por este concello estanse a tramitar as actuacións correspondentes para a disposición dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, así como todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

5º) – Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

6º) – Autorizar á Excma.Deputación provincial de A Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa seguridade social.

7º) - Facultar expresamente á Sra.alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.

Non obstante o Pleno decidirá o que crea máis conveniente.

Bergondo, 19 de xaneiro de 2009=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez “

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro de Veciños de Bergondo, e manifesta: como xa dixen na Comisión Informativa, algúns destes parques son recentes, dos anos 2006 e 2007, agora quere remodelalos en base a unha lei xa anterior á súa construción, e quero insistir en dúas cousas; no parque de Mariñán, levamos denunciando que o veciño do lado ten que soportar continuamente os desbordamentos da auga da alcantarilla do parque, rógolle que se repare.

Con respecto ó parque de Santa Marta, hai unha moción aprobada desde hai un ano, na que se incluía valar ese parque; é un parque perigoso, está na entrada da autopista, e non está incluído neste proxecto.

Por outro lado, aqueles parques que non están incluídos, e que non cumbran coa lei, esta Alcaldía debería precintalos.

Sra. alcaldesa: o que deberíamos facer será amañalos cos recursos propios.

Sr. voceiro de VB: pero mentres tanto, se se vai tardar, deberían precintalos, non vaia ser que despois teñamos un problema e teñamos que amañalo doutra maneira; penso que debería de estudarse esa posibilidade.

Sra. alcaldesa: antes de chegar ó precinto, imos intentalo polos medios propios. A subvención chega ata onde chega; efectivamente quedan parques que aínda non cumpren esa normativa, e que a teñen que cumprir, polo que cos recursos propios o intentaremos.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, e di: pola nosa parte, insistir en que os parques que non entran neste programa, que se fagan cos medios propios y de forma urxente.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

5- RESOLUCIÓN DAS ALEGACIONES PRESENTADAS CONTRA A APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EJERCICIO DE 2009. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Antes da dar conta da proposta da Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno do día 22 de xaneiro, toma a palabra o Sr. concelleiro do BNG, Antón Sánchez García, e di que, co permiso da Sra. alcaldesa, o seu Grupo quere presentar unha emenda á proposta da Alcaldía, e procede a entregarlle unha copia a cada grupo municipal.

A continuación dáse conta da proposta de Alcaldía, que transcrita literalmente di:

“Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de data 15 de decembro de 2008, o Orzamento municipal para o 2009, e unha vez que transcorreu o período de exposición pública, comprendido dende o día 30/12/2008 ata o día 17/01/2009 (ámbolos

dous inclusive), presentáronse os seguintes escritos de alegacións contra o citado Orzamento para o exercicio de 2009:

		Número e data do rexistro de entrada
1	Dna. Antonia Vázquez Patiño	8097 / 22.12.2008 (presentada fóra de prazo)
2	D. Felisindo Fraguas Veiga	8111 / 22.12.2008 (presentada fóra de prazo)
3	Dna. Manuela López Pedreira	8193 / 24.12.2008 (presentada fóra de prazo)
4	Dna. Antonia Matos Fernández	8195 / 24.12.2008 (presentada fóra de prazo)
5	Dna. M ^a Luz Victoria García Río	8196 / 24.12.2008 (presentada fóra de prazo)
6	D. José Ángel Docampo Carabel	8197 / 24.12.2008 (presentada fóra de prazo)
7	D. José Manuel Lorenzo López	8214 / 26.12.2008 (presentada fóra de prazo)
8	Dna. Alicia Beatriz Veiras Suárez	8222 / 26.12.2008 (presentada fóra de prazo)
9	D. Juan Francisco Sánchez Seoane	8223 / 26.12.2008 (presentada fóra de prazo)
10	Dna. Antonia Rodríguez González	8265 / 29.12.2008 (presentada fóra de prazo)
11	D. Ricardo Hortas García	8293 / 30.12.2008

Despois de ver o informe da Interventora municipal, e tendo en conta que as dez primeiras alegacións foron presentadas fóra do prazo de exposición pública legalmente establecido, que é durante o que se poden presentar alegacións contra o Orzamento municipal, e dado que a alegación número 11 non está fundamentada en ningunha das causas tasadas e establecidas no artigo 170.2 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), no que se recolle que unicamente se poderán entablar reclamacións contra o Orzamento:

- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación ós trámites establecidos desta Lei.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación ós gastos orzamentados ou ben de estes respecto ás necesidades para as que está previsto.

Por todo o anteriormente exposto, proponse ó Pleno da Corporación a adopción do presente acordo:

- 1.- Non admitir a trámite as dez primeiras alegacións presentadas por estar fóra de prazo nin a alegación número 11 por non estar fundamentada nalgunha das causas tasadas no artigo 170.2 do TRLRFL de posibles reclamacións contra o Orzamento.
- 2.- Notificar o presente acordo os interesados.
- 3.- Entender definitivamente aprobado o Orzamento municipal para o exercicio 2009, cumprindo igualmente co trámite da súa publicación, resumido por capítulos no BOP, xunto coa plantilla de persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do RDL 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do TRLRFL.

O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 19 de xaneiro de 2009=A Alcaldesa=Asdo. Alejandra Pérez Máquez”

A continuación o Sr. concelleiro do BNG, Antón Sánchez García, da lectura á emenda presentada polo seu grupo, que literalmente di:

“Enmenda á proposta da Alcaldía sobre a resolución das alegacións presentadas contra a aprobación inicial do Orzamento Municipal para o exercicio 2009:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

.- Despois da aprobación inicial do Orzamento municipal para o ano 2009 no pleno celebrado o 15 de decembro de 2008, presentáronse 11 alegacións por parte dos veciños afectados polo proxecto “Modificado ampliación CP-0807 de Tatín a San Isidro pasando por Moruxo”, pertencente ao Plan de Travesías 2005 da Deputación de A Coruña, nas que se reclamaba a supresión da partida das Contribucións Especiais destinadas a sufragar os custes da adquisición de terreos necesarios para dita obra .

.- A proposta da Alcaldía, baseada nun informe de Intervención, é a de desestimar por extemporáneas, dez das alegacións e desestimar outra por non axustarse ao disposto no artigo 170.2 da Legislación básica de Réximen Local.

.- Dito informe, é un informe técnico, cunha interpretación en exceso restrictiva, xa que existen antecedentes e incluso xurisprudencia, onde se admiten reclamacións, sempre que sexan presentadas despois da aprobación inicial dos orzamentos e antes de que acabe o período de exposición público.

.- Mais non é a nosa intención entrar en debates técnico-legais acerca do procedemento administrativo, xa que nós apelamos á vontade política dos diferentes grupos da corporación de responder ás demandas dos seus representados, e non recurrir a legalismos para escapar a debates de cuestións plantexadas por cidadáns, que civicamente se dirixen ao Concello, demandando resposta ás súas inquedanzas.

.- Os argumentos que os afectados expoñen para pedir a supresión das Contribucións son: A imposición das Contribucións Especiais está baseada nunha suposta revalorización dos terreos das cales van a beneficiarse os directamente afectados.

Esto non se xustifica por:

.- Os propios afectados consideran que se revaloricen as súas propiedades.

.- En moitos casos, os propietarios o son de vivendas nas que residen e non teñen como fin vendela para realizar negocios urbanísticos.

.- Este proxecto non foi consensuado cos veciños, que so esixían unha mellora na seguridade vial, pero nunca duplicar o vial existente, pasando a ocupación de vial a 5 m. a 10,50 m. Por exemplo un incremento do ancho de 1,5 m. e un beirarrúas podería ser suficiente e non xeneraría tanto prexuízo aos afectados.

.- Non existe, polo menos, mentras non se mude o planeamento, cambio nas calificacións dos terreos, que pasen de rústico a urbano.

.- Non contexto actual, e dentro daqueles casos en que se queira facer negocio, as posibles vendas para urbanizar serán a longo prazo, mentres as Contribucións xa se teñen que pagar agora, co conseguinte prexuízo económico para os afectados.

.- Tamén se estarían revalorizando grandes bolsas de terreo que non son dos directamente afectados, que se atopan perto, e que non pagarían, producíndose un agravio comparativo.

.- Nunca nunha obra de semellantes características se impuxeron en Bergondo Contribucións Especiais, o que tamén é un agravio comparativo.

.- O BNG cree que todos os grupos deben ir ao fondo deste asunto e explicar claramente a súa posición da cuestión, sen escudarse en tecnicismos ou legalismos.

.- O noso grupo considera xustas ditas reclamacións e por eso apoiaremos que se teñan en conta as alegacións modificando o Orzamento para o exercicio 2009.

.- Por todo elo o Grupo Municipal do BNG hónrase en propoñer o seguinte acordo:

.- Estimar as reclamacións presentadas, modificando o Orzamento para o exercicio 2009, no sentido de que a partida de Ingreso destinada a sufragar os custes da adquisición dos terreos para a obra de “Ampliación da estrada CP-0807 de Tatín a San Isidro” non esté contida no Capítulo de Taxas e Outros Ingresos, como Contribucións Especiais, e pase a ser con cargo a recursos públicos.

O Pleno decidirá o que crea mais convinte.

Bergondo, a 29 de xaneiro de 2009=O Portavoz do Grupo Municipal do BNG.”

A continuación toma a palabra a Sra. alcaldesa, e di: por parte do partido socialista dicirle que nós non estamos escudando nun informe técnico que vostede di que é demasiado restritivo, é ademais non é o único que pensa así, porque os técnicos da Deputación tamén pensan o mesmo: que non se poderían aprobar estas alegacións, porque non é momento de aprobar alegacións neste senso. Neste caso o temos moi claro, e dicir, no caso de que chegase a facerse esa ordenanza, xa digo; chegase, porque nos presupostos se establece unha partida de contribucións especiais, esa ordenanza tería que vir ó Pleno, e tería que se aprobada por unha maioría. Ese sería o momento de facer as alegacións a esa ordenanza de contribucións especiais, que podería ser do 20 o 30 o 40 ou ata o 90 por cento, como así vai reflectido nos presupostos, co cal consideramos que este non é momento de estimar estas alegacións, cara o presuposto, nese momento era a única saída que tiña esta Alcaldía para facer un presuposto, poñelo con contribucións especiais.

Por outro lado tamén lle digo que si hai casos de contribucións especiais neste concello, que os veciños de Cortiñán xa as pagaron no seu momento polas aceras; e, como xa lle dixen no seu momento, hai moitos veciños que actualmente están a facer as súas casas e que están pagando as súas aceras, co cal non é un agravio tan comparativo; ademais, estamos convencidos, de que o día de mañá estaremos todos orgullosos desta obra, os veciños, os concelleiros e a Corporación.

En canto ó que vostede comenta respecto do ancho, pois mire, os técnicos da Deputación tamén o teñen claro, que realmente para facer unha obra dese calado, pois hai que facela co ancho que ven no proxecto.

Por parte do partido socialista o voto a esta emenda é en contra.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro do PP, e di: pensamos que o que manifesta a interventora no informe técnico é a realidade, e non vamos a cambiar un presuposto por isto. O artigo 33 da Lei Reguladora das Facendas Locais, di que as contribucións especiais se *devengarán en el momento en que as obras se hayan ejecutado*, non agora; segundo artigo 34 *la exacción de las contribuciones especiales precisará la previa adopción del acuerdo de imposición en cada caso concreto*, dicir con isto que o Partido Popular non está de acordo

coas contribucións especiais, e dicirlles ós veciños que están aquí presentes, que esperamos que por parte da Administración que representamos se chegue a un acordo con outras administracións para que se consiga financiación para este proxecto, e senón, con cargo a remanente, unha vez finalizado o presuposto do ano 2008, e sabendo o diñeiro do que dispoñemos, se paguen estas obras.

Imos votar en contra da emenda presentada.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de Veciños de Bergondo, e di: agradezo que veñan os veciños ós Plenos porque así o PP de vez en cando cambia de torna, en vez de facer submisión política, cambia de torna.

Apoiamos totalmente a proposta do BNG, porque unha cousa é que se fagan beirarrúas en Cortiñán e as sufraguen os veciños, e outra cousa pagar unha estrada de 10 metros de ancho; unha cousa é que coas contribucións especiais vostede pretenda pagar unhas beirarrúas, ou que cada veciño que teña unha leira urbana e faga unha casa e ademais ceder unha parte do terreo e poñer as beirarrúas, e outra cousa e que queira vostede facer unha estrada de dez metros e medio cunhas futuras urbanizacións, e que pretenda que as paguen estes veciños; polo tanto o noso voto é a favor desta emenda.

Sra. alcaldesa: ¿a pesar dos informes técnicos.?

Sr. voceiro de VB: como xa lle dixen na Comisión, unha cousa é a legalidade e outra a moralidade.

Sr. voceiro de PP: por alusións, creo que está claro que a postura do PP non se modificou; nós votamos abstención no presuposto, como levamos facendo dende hai seis anos, o orzamento é algo mais que unha partida presupostaria; creo que vostede debería saber que as partidas non se cumpren na maioría das veces.

Sra. alcaldesa: ó que se refire o Sr. voceiro do PP, e a experiencia o demostra, que é moi difícil que se cumpra o presuposto, por moito que vostedes digan, iso se ve en tódalas administracións, non soamente no Concello de Bergondo. Iso sería o ideal, pero somos conscientes, e levamos xa moitos anos aquí, non é soamente neste concello, vaian vostedes á Deputación, vaian vostedes á Xunta, vaian vostedes a outros concellos, é moi difícil cumprilos. En canto ós seus debates, e ó tema da moralidade, me parece indigno que diga vostede iso, como se o partido socialista non tivese en conta a moralidade ou o interese de tódolos veciños, que, por certo, presentáronse once alegacións.

A continuación toma a palabra o Sr. concelleiro do BNG, Antón Sánchez García, e di: nós, a partir de agora estamos moi satisfeitos, existe o compromiso público de que o Partido Popular non vai apoiar as contribucións especiais, confiamos nunha palabra dita no Pleno; polo tanto parece ser que as contribucións especiais non se van levar a cabo, que é o que se pretendía, legalismos aparte. Outra cousa é o que houbera pasado se os veciños non se moven, non presentan as alegacións, ao mellor se utilizaba a política de feitos consumados, iso é o que nós pretendiamos; non pretendiamos meternos en contenciosos senón que o que pretendiamos xa o conseguimos. Non é o momento, porque xa está aprobado, pero este proxecto non ten nin pés ni cabeza, creo que a súa profesión non é ser alcaldesa, porque vostede di que os técnicos da

Deputación din que ese o ancho que ten que ter unha estrada, eu lle digo que hai 28 quilómetros de estradas provinciais en Bergondo; se a todos estes quilómetros se lles destinara un investimento proporcional ó que se destina aquí, non chegaban catro mil millóns de pesetas para amañar todas as estradas, pero este non é o debate, nós do debate que pretendiamos, estamos satisfeitos de resultado e esperemos todos cumpramos coa nosa palabra.

O Sr. voceiro de PP pregunta o que votou o Bloque Nacionalista Galego na Comisión Informativa.

Sra. alcaldesa: o BNG votou a favor.

Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández: vou explicar porque votei a favor; hai un informe xurídico, e eu, de entrada, teño que fiarme dese informe, pero despois informado por outra parte, resulta que si hai antecedentes de que presentando as alegacións antes do período si que se admiten, non se admiten despois de rematalo. Polo tanto, cambia substancialmente a circunstancia, se antes do período é legal presentalas, pensamos que teñen que ter en conta e teñen que ser admitidas, por iso o noso cambio de postura.

Sra. alcaldesa: evidentemente non, nós cando facemos a nosa proposta de aprobación do orzamento vai na última *coletilla* que entrara en vigor no momento en que se publique no Boletín, e que pasado o período de alegacións...etc.

Sr. voceiro do BNG, di, pasado o período de alegacións.

Sra. alcaldesa: se contempla no período que está en exposición pública, e antes de iso non está. De todos modos quero contestarlle ó Sr. concelleiro que ó mellor a miña profesión non é ser alcaldesa, pero o que, estou segura, que a súa tampouco, non se pode contentar a todos os veciños, nin vostede, nin eu, nin nadie, iso tamén o teño clarísimo. E tamén este partido podería facer o que fixeron outros grupos, empezar a dicir cantidades do que lles podería supoñer de contribucións especiais a algúns veciños, ¿de onde se quitaron esas cantidades?, cando este concello nin sequera fixo un estudo previo, nin sequera adoptou o acordo para saber que criterios ía adoptar, no momento en que se adopten eses criterios e se faga ese estudo preliminar, esta Alcaldía fará reunións cos veciños para explicarlles claramente as cantidades, as contías e os criterios que se establecen, pero será cando saibamos algo firme, non empezar a divagar con cousas que non teñen sentido.

Sr. concelleiro do BNG: xa que me fala dos veciños, un síntoma de educación é que lles conteste a súa petición dunha reunión informativa.

Sra. alcaldesa: efectivamente.

Sr. concelleiro do BNG: vostede ten malos informadores, ningún veciño, e algún dos que están hoxe aquí viñeron ás reunións informativas, pode dicir que dixemos algún importe do que lle ía a supoñer iso.

Sr. voceiro de VB: e nós tampouco.

A continuación procédese á votación da emenda presentada polo grupo do Bloque Nacionalista Galego, que tivo o seguinte resultado.

Grupo municipal Socialista: seis (6) votos en contra; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos en contra; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) votos a favor.

Total: nove (9) votos en contra e catro (4) a favor.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara non aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

Seguidamente procedese á votación da proposta da Alcaldía, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) votos en contra; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) votos en contra.

Total: nove (9) votos a favor e catro (4) en contra.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

6.- ASUNTOS URXENTES

Seguidamente a Sra. alcaldesa, de acordo co previsto no artigo 91.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), pregunta aos voceiros dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a esta convocatoria.

Non se presentaron.

7.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 24 de novembro de 2008, ata o 23 de xaneiro de 2009, numerados do 1020 ó 1141 do ano 2008, e do 1 ó 63 de 2009. O Pleno queda enterado.

8.-ROGOS E PREGUNTAS.

O Grupo municipal do PP, presentou os seus Rogos e Preguntas o día 23 de xaneiro, co núm. do rexistro de entrada: 367. O Sr. voceiro do dito grupo pasa seguidamente a formulalas; son as seguintes:

ROGOS:

1.- Arreglo de la explanada del colegio “Cruz do Sar”. Arreglo del campo de fútbol y creación de tres pistas de usos múltiples en el colegio “Cruz do Sar”.

Sra. alcaldesa: iso sería a 3ª fase da Senra, porque eses seguen sendo terreos da Senra e sería un proxecto de envergadura que no seu momento habería que estudar.

2.- *Instar a la Xunta para la creación de una senda peatonal a lo largo de la C/Fiobre-Playa del Regueiro (acceso Centro minusválidos).*

3.- *Contemplan alcantarillado para las zonas de Rois y San Paio.*

4.- *Colocación de un punto de luz en Bergondiño (carretera que desemboca al campo de fútbol del convento).*

5.- *Colocación de un paso de cebra a la altura de la Farmacia de San Isidro.*

Sra. alcaldesa: iso o temos que solicitar.

6.- *Mejor señalización e iluminación del paso de cebra a la altura del colegio Cruz do Sar.*

7.- *Desvío de la carretera de San Paio. Acuerdo plenario aprobado por unanimidad y no consignado en los presupuestos.*

Sra. alcaldesa: quedamos en que se lle comentaría esa posibilidade á Deputación, incluso un concelleiro fixo a apreciación de que sería a Fomento; xa se tiveron contactos cos técnicos da Deputación, e non o descartan. Un principio eran reticentes xa que na entrada da autoestrada, alí no Marco, non había posibilidade de acceder cara Coruña, pero como no proxecto de mellora da seguridade vial de toda a N-VI, e con isto contesto xa algunhas das preguntas que veñen despois, o que se nos remitiu foi que se vai facer unha modificación na entrada á A9, facendo unha rotonda que posibilita que os veciños de alí podan incorporarse na A9, e acceder á Coruña, e ademais os veciños da zona de Trasdoval e Raxás poidan desviarse alí nesa rotonda tamén cara a Betanzos.

Sr. voceiro do PP: ó fío desta pregunta, saú na prensa que Fomento licitaba a supresión dos pasos, sabemos algo do punto das Cerqueiras.

Sra. alcaldesa: témolo que confirmar.

8.- *Bacheado en la carretera de A Graña (carretera interior de Carrio que desemboca a la altura de la Senra).*

Sr. voceiro do PP: iso xa esta arreglado.

9.- *Habilitar para aparcamiento la parcela municipal pegada al cementerio de Guísamo. Crear un acceso que comunique con el camino de la guardería municipal para dar un mejor servicio.*

10.- *Arreglo del camino de Trasdoval.*

Sra. alcaldesa: ¿cal deles?

Sr. voceiro do PP: onde están a facer as obras, xa o comentamos mais veces, puxerase un muro de pedra, e a auga segue correndo polo medio do camiño.

11.- Tenemos conocimiento de que los propietarios de la Urbanización de Baldomir están receptivos a la cesión del pazo sito en dicha urbanización. Solicitamos, en base a esto, un informe técnico acerca de la viabilidad de la rehabilitación del pazo y la creación, en el mismo, de un parque exterior, así como un edificio de usos múltiples para la ubicación de un Centro de Día.

Por otro lado, la idea de unificar las escuelas con niños de 3 a 6 años creemos que sería posible aprovechando estas instalaciones y dotándolas de servicios adaptados.

Sra. concelleira do PP: de tódolos xeitos queremos dicir aquí, que nós non estamos en contra do Centro de Día, como di o Bloque Nacionalista Galego.

12.- Arreglo de la carretera de San Isidro pegada a Los Condes.

Sra. alcaldesa: en canto o punto o rogo núm. 11, dicir que os técnicos dirán nos seus informes se aínda estamos a tempo de rehabilitalo.

PREGUNTAS:

1.- Situación del Plan General de Ordenación Municipal. Situación del estudio de impacto medioambiental.

Sra. alcaldesa: está en fase de contratación e no momento que teña que aprobarse, terá que ir conxuntamente co Plan Xeral. A previsión sería de 6 meses, pero xa saben que cando se depende de permisos doutras administracións non se pode prever.

2.- ¿Se están elaborando algunas de las ordenanzas reguladoras de las propuestas por el Partido Popular en el último Pleno dedicado a Presupuestos?.

Sra. alcaldesa: estamos revisando a ordenanza da auga, co fin de comezar o cobro da depuración, que era a primeira que tiñamos que acometer. A partir de aí continuaremos coas demais.

3.- ¿Se tiene fecha para la convocatoria de las plazas de policía local?. ¿Quién va a componer el Tribunal?.

Sra. alcaldesa: a data exacta do primeiro exame será probablemente a primeiros de febreiro, terá que saír publicado no Boletín, e tamén publicaranse os nomes dos compoñentes do Tribunal, que serán técnicos da administración e policía doutros concellos e deste.

4.- ¿Cómo se está llevando a cabo la tramitación de las multas. Ya se finalizó la Base de Datos que se estaba realizando?.

Sra. alcaldesa: o trámite e custoso e laborioso, pero se está levando a cabo, de feito de 450 multas, 174 xa se cobraron, doutras se estimaron alegacións e outras se publicaron no BOP para seguir cos trámites.

5.- Situación del Rio Mayor. Había un compromiso de realizar una isleta. ¿Cuándo está prevista su realización?.

Sra. alcaldesa: se lle instou xa varias veces á Deputación; o tema da isleta o contemplaban no proxecto de conservación de vías provinciais de Sada a Armuño, que xa está adxudicado, no momento que comece o bo tempo empezaran a traballar. O tema da barandilla tamén se lles volveu a recordar esta semana.

6.- Situación de las aceras en Baldomir.

Sra. alcaldesa: está xa iniciada a contratación, de feito xa saíron nos periódicos os anuncios correspondentes a esta contratación.

O Grupo municipal de Veciños de Bergondo, presentou os seus Rogos e Preguntas o día 29 de xaneiro, co núm. do rexistro de entrada: 476. O Sr. voceiro do dito grupo pasa seguidamente a formulalas; son as seguintes:

PREGUNTAS:

I.- En contestación á Moción deste Grupo Municipal relativa á dotación de un paso peonil en Cortiñán, a Sra. Alcaldesa manifestou que, segundo as conversas mantidas con Fomento, o estudo estaba a piques de rematar, e asumiu o compromiso de que, se no mes de Decembro non se tiña ningunha notificación, faríase unha instancia para saber cómo está o Proxecto e cales serán as medidas que se teñen pensado levar a cabo. Coa adopción deste compromiso, “Veciños de Bergondo” retirou a súa Moción.

Pasou xa un mes dende Decembro. ¿Houbo noticias de Fomento? ¿Se non as houbo, remitiuse-lles a instancia prometida?.

Sra. alcaldesa: a única noticia é a que comentei antes, ese proxecto de rotonda que se inclúe dentro de todo o proxecto; se lles volveu a requirir para que mandaron o proxecto, pero aínda non o teñen rematado.

II.- En contestación a outra Moción deste Grupo Municipal relativa á dotación de máis nichos nos cemiterios das Parroquias de Bergondo a Sra. Alcaldesa comprometeuse a facer un Rexistro público para coñecer cantas eran as demandas para os nichos, co cal, Veciños de Bergondo retiraron a Moción.

Dende o 27 de Novembro pasaron dous meses ¿Está feito xa o Rexistro prometido? ¿Anunciouse a súa creación para que os interesados saiban del? ¿Cántas peticións constan recollidas ata o momento?.

Sra. alcaldesa: aínda non está feito, entre o tempo de Nadal e o Fondo Estatal houbo moito traballo e menos xente, pero continuamos nelo.

III.- No parque de Rois hai unha farola que ten o cableado ó aire, o que supón evidente perigo para os nenos e usuarios ¿Cándo se vai reparar?.

Sra. alcaldesa: enviaremos ós operarios a amañala canto antes.

IV.- Novamente a Carretera de Miodelo a Peteiro pola Devesa estase a afundir ¿Cando se van reparar?.

Sra. alcaldesa: no momento que entre o Orzamento deste ano en vigor, comezaremos a traballar niso.

V.- No pasado Pleno presentamos 23 medidas contra a crise e unha delas era subvencionar o comedor escolar. Recrimináusenos esta medida por parte do PSOE sobor de todo polo PP alegando (parece que os universitarios e os estudantes de bacheralato ou Fp, non contan para vostedes), que o comedor xa era gratuíto.

O colexio emite unha nota a finais de Decembro segundo a cal debido a que o comedor estaba funcionando cunha persoa menos na cociña por traslado de persoal, farase un prato único e postre os días que sexa preciso.

¿Qué é o que esta a pasar? ¿Ata cando van estar os nenos cun só prato? ¿É suficiente a subvención?. Porque non se trata de que sexa gratuito, senón a calidade deste servizo esencial. ¿Podería emitirnos un informe indicándonos dende cándo se sopota esta situación, canto vai durar e qué se fai dende o Concello con esta cuestión?

Sra. alcaldesa: está vostede no seu dereito a presentar esta pregunta, pero este é un tema da Consellería de Educación, que non tiña ese persoal durante un certo tempo, tardouse uns días en vir ese persoal de apoio; aínda que durante ese tempo se lle estivo dando ós nenos un prato solo, foi un prato equilibrado con postre.

Sr. voceiro de VB: raxo con patacas, precisamente os pais se nos queixaron a nós, porque non cumpría coa normativa de sanidade.

Sra. alcaldesa: de todos modos pasa por Consello Escolar.

Sr. voceiro de VB: eu o digo porque como vostede dixo que o comedor era gratuíto.

Sra. alcaldesa: e o é porque a Consellería a que está financiando o comedor escolar.

Sr. voceiro de VB: pero nós somos garantes do que se está facendo nese comedor.

Sra. alcaldesa: eu penso que incluso deberíamos estar orgullos, xa que é un dos poucos colexios no que o comedor funciona sen *catering*

VI.- Os veciños de Miodelo teñen unha fonte pública de auga que usan continuamente. Aparte do estado de abandono que presenta o tellado, está ademáis cuberto de silvas e maleza. Algún Concelleiro díxolles ós veciños que non había cartos para limpar e arranxala.

Eu lle pregunto: ¿É certo que non hai dotación presupostaria na partida correspondente?. ¿Se non é así, cándo as van limpar?. ¿Cando van a arranxar o tellado?.

Sra. alcaldesa: a fonte pública de Miodelo, ¿estase vostede referindo onde está o lavadoiro?.

Sr. voceiro de VB: é a única fonte que hai en Miodelo, ten o tellado cheo de silvas. Pasarémolle as fotos para que o vexan.

VII.- A recente reparada carretera de Santa Marta a Guísamo presenta un asfalta novo, pero ten as arquetas do alcantarillado nalgúns casos 13 cm. mais abaixo do firme. ¿Teñen pensado deixar isto así? ¿Quen llo vai explicar ós conductores ou peatóns?.

Sr. concelleiro de Vias, Obras e Urbanismo, Francisco Mata Buyo: xa non está así, non pretendería vostede levantar primeiro os rexistros e despois asfaltar.

Sr. voceiro de VB: é que os plenos son de cada dous meses.

VIII.- O acceso do Curro hacia o lavadeiro en Santa Marta é un camiño veciñal intransitable pola cantidade de maleza e silvas. ¿Cando teñen pensado limpar este e outros camiños veciñais da parroquia?.

Sra. alcaldesa: se limpan habitualmente, se fará cando lle toque.

IX.- O alumado público de Cortiñán presenta fallos continuamente, quizais debido a súa antigüidade. ¿Está previsto repoñelo? ¿Cando se van acometer estas reparacións?.

Sra. alcaldesa: Non temos constancia de que sexan fallos importantes, de feito o concelleiro que vive en Cortiñán así o manifesta.

X.- Como sabe estamos en plena crise económica. ¿Qué medidas van a adoptar para facer realidade o aforro enerxético? ¿Cree que sería interesante a redución da potencia nos focos situados na Feira de Guísamo ou na Senra ou a substitución por outros de baixo consumo?.

Sra. alcaldesa: os do campo da Feira de Guísamo xa son de baixo consumo, de todos modos dicirille que a Deputación ten encargada unha auditoría para concellos de menos de 20.000 habitantes, e precisamente hoxe os técnicos comezaron o seu traballo.

XI.- ¿En qué estado se atopan as negociacións para repara o areal e a pasarela de Gandarío?. ¿Por qué se esta retrasando tanto a normalización desta zona?.

Sra. alcaldesa: ¿refírese ó temporal desta semana? Estiveron limpando a xente de Costas, de feito manteñen alí unha máquina case todo o ano, porque o areal desa zona hai que rechealo de vez en cando.

XII.- Estamos cansados os veciños de ver cómo se limpan semanalmente as aceras de Guísamo e as das zonas próximas á casa do Concello case a diario. Nembargantes en outros lugares, en concreto en Lubre fai uns días caeu por segunda vez un maior, debido á cantidade de musgo e follas acumuladas na acera.

En Santa Marta, diante da casa de Domingo, as aceras están sempre sucias e en Armuño crecen as herbas. ¿Para cando as parroquias van ter o mesmo trato no que respecta á mantemento e limpeza?. ¿É que hai parroquias ou lugares de primeira e outros de segunda categoría polos que as cuadrillas non pasan nunca?.

Sra. alcaldesa: supoño que se refire vostede á unidade de limpeza dos rapaces con discapacidade.

Sr. voceiro de VB: refírome ó plan que o concello ten para as aceras que xa ten feitas, que son do concello, se ten pensado limpalas. A Lubre nunca viñeron.

Sra. alcaldesa: a Lubre si que foron.

Sr. voceiro de VB: pois no próximo Pleno terá contestación aquí con todos os veciños.

Sra. alcaldesa: é certo que a algunhas parroquias van mais que a outras, pero si van a todos os sitios.

XIII.- Ainda coa obra sen rematar en Lubre, e a estrada encima da antiga ponte xa presenta uns baches considerables. Ademáis e como xa se dixo fai meses, o canal ten máis de 30 cm. de lodo e a valla segue sen substituírse. ¿Para cándo o fin de obra?. Xa vai un ano longo desde que se iniciaron estas melloras e a imaxe que presentan non pode ser peor.

Sra. alcaldesa: xa dixen que se lles volveu a recriminar precisamente estes días, que está sen rematar a obra.

Sr. voceiro de VB: unha suxerencia, van aceptar esa obra co que fai realmente o tubo, que é desacelerar a auga e manter unha constante de lodo dentro.

Sra. alcaldesa: en principio si, o que está pendente é a valla.

Sr. voceiro de VB: é que vamos ter que asumir a limpeza, ano a ano, desa obra nova. Hai un teito de, non sei se son 70 ou 80 metros de tubo novo, no que actualmente ten 20 cms. de lodo e non leva nin un ano feito.

Sra. alcaldesa: pois terémolo que limpar, ó non ser que se nos dea outra solución mais factible.

A continuación toma a palabra a Sra. concelleira de VB, M.^a Loreto Caseiras Arroyo, de di: co permiso da Sra. alcaldesa quero facer unhas preguntas respecto duns gastos que observo nalgúns decretos. Un gasto de 2638 euros por un anuncio no Boletín da Deputación, un anuncio urxente para publicar as bases xerais de las prazas da policía local ¿un anuncio no Boletín da Provincia custa 2600 euros?.

Sra. alcaldesa: si, dependendo do texto.

Sra. concelleira de VB: pero isto da urxencia, ¿é que había pouco prazo e chegou a ultima hora?.

Sra. alcaldesa: e que conviña poñelo canto antes, evidentemente cando non ten que ir por urxencia non vai; a min dóenme tamén ós cartos.

Sra. concelleira de VB: e tres abonos de preferencia para o *Real Club Deportivo*, 1600 euros, ¿quen vai ver o *Deportivo* con cargos ós nosos presupostos?.

Sra. alcaldesa: con cargo a eses carnés, que é algo que ten o concello, come case tódolos concellos desta zona, faise unha colaboración co *Deportivo*, e a cambio diso os rapaces do concello poden ir de vez en cando porque se lles invita; como vostede sabe, van rapaces de diferentes concellos e deste van 50 nenos gratuitamente, porque o concello colabora con eses abonos, cos que algunha vez vai alguén, realmente polo que se fai e porque os rapaces poidan ir ver o *Deportivo* gratuitamente.

Sra. concelleira de VB: que se oferta ¿no colexio?.

Sra. alcaldesa: si, faise por cursos.

Sra. concelleira de VB: e un pago de servizos sociais de dependencia, a *Pablo Fernández Barros*, de 4.236 euros, ¿que é? ¿un contrato menos que temos con esta persoa?.

Sra. concelleira de Benestar Social e Xuventude; Begoña Calviño Dorado: sí, hai un contrato con esta empresa, para atender ás persoas que xa teñen concedida a dependencia, precisamente chegoume onte a relación dos meses de novembro, decembro e xaneiro. Son dez usuarios que están xa coa Lei de Dependencia, e temos contratada a esa empresa e faise cargo das horas que teñen administradas, o sexa, é un contrato menor.

Sra. concelleira de VB: entón *Pablo Fernández Barros*, non é un particular, é unha empresa.

Sra. concelleira de Benestar Social e Xuventude: si, a referencia fiscal é esa.

Sra. concelleira de VB: e, por último, ¿temos modificada a contratación das empresas que levan a xestión cultural? Xa que vexo aquí tamén *Gestión Cultural, Aurea S.L.*

Sra. alcaldesa: si, se fixo un novo concurso e o ganou esa empresa, a partir de agora serán esas facturas as que aparezan, predominantemente.

Sra. concelleira de VB: ¿son condicións económicas mais favorables, que as de *Gaia*?

Sra. alcaldesa: e que *Gaia* non se presentou, presentáronse dúas empresas; na Mesa de Contratación o peso económico é moi importante, é un dos condicionantes, pero tampouco é o único, pero neste caso a oferta económica aínda era mais baixa.

O Grupo municipal do BNG presentou os seus Rogos e Preguntas o día 27 de xaneiro, co núm. do rexistro de entrada: 410. O Sr. voceiro do dito grupo pasa seguidamente a formulalas; son as seguintes:

ROGOS

1) *Que se demande a Autopistas a limpeza das marxes da AP-9.*

Sra. alcaldesa: ¿nalgún sitio en concreto?

Sr. voceiro do BNG: en xeral, pero sobre todo nos enlaces coa autopista en Guísamo.

2) *Se convoque a Comisión Especial de Urbanismo.*

Sr. voceiro do BNG: os membros desta Comisión xa están nomeados, polo tanto cremos que é moi urxente que se convoque.

PREGUNTAS:

1) *Estado da tramitación da contratación do Informe de Sostenibilidade Ambiental.*

Sr. voceiro do BNG: esta xa foi contestada.

2) *Estado da redacción do Regulamento de Participación Veciñal.*

Sra. alcaldesa: segue aínda pendente, dígolle o mesmo que co tema dos nichos, cando se remate todo isto que foi un pouco extraordinario como o do Fondo Estatal e demais, retomarémolo.

3) *¿Sería posible, facer xestións con Fomento para habilitar unha saída con dirección a Betanzos ,na N-VI, para os veciños de Tras do Val á altura de Raxás?*

Sra. alcaldesa: a opción que Fomento xa promove facelo na entrada, e mais seguro que facelo en Raxás, pero cando fagan o proxecto se verá.

4) *¿Existe algunha novidade en relación ás xestións con Fomento para a mellora da seguridade vial da N-VI, ao seu paso polo término municipal de Bergondo?*

Sra. alcaldesa: tamén xa foi contestada.

5) *¿ Qué medidas se pensan tomar en relación aos constantes verquidos ao Rego Callou?*

Sra. alcaldesa: pois seguemos sen ter constancia da procedencia dos verquidos, polo tanto polo de agora tampouco podemos facer moito mais que estar pendentes, e reclamar informes que no seu momento xa pediramos.

6) *¿Cando se pensan arranxar os camiños de Campo de Leis, A Fosca, Cangas, Pisón, actualmente nun lamentable estado?*

Sra. alcaldesa: pois a partir da aprobación do orzamento deste ano.

7) *¿Qué xestións se fixeron en relación ao proxecto de mellora da estrada CP-0810 en San Paio, tanto da primeira coma da segunda fase?*

Sra. alcaldesa: pois se estivo con técnicos para coñecer de primeira man como están os trámites. O que se nos dixo foi que se nos remitirá proximamente o parcelario para saber de que cantidade de metros se está a falar, e poder iniciar as conversas cos veciños, para ver se había esa posibilidade, que xa se comentou no anterior Pleno, desas donacións, en vez de chegar as expropiacións.

8) *¿Por qué hai tramos de colectores de saneamento, en Tras do Val, que non están conectados á rede xeral, por ser tramos que están inconexos entre si?*

Sra. alcaldesa: hai un tramo que comeza este luns, e é o que une eses tramos que estaban inconexos.

9) *¿Ten previsto respostar aos veciños afectados polo proxecto de ampliación da estrada Tatín-San Cidre, que lle solicitaron por escrito unha xuntanza informativa?*

Sra. alcaldesa: cando teñamos ese estudo preliminar, e poidamos falar de contías, se fará esa reunión.

10)¿Cando se ten previsto arranxar os camiños na Fraga e Tras do Val, que se atopan destrozados a consecuencia dunhas obras, sen que se repuxeran os camiños ao seu estado orixinal?

Sra. alcaldesa: é a empresa que está a facer a obra, que ten un aval de 20 millóns de pesetas, pola conta que lle trae fará a reposición en condicións, senón executaremos o aval; pero aínda non rematou, nin solicitou a devolución do aval.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte horas e corenta minutos, remátase a sesión, por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, a secretaria xeral, dou fe.

A secretaria xeral

V. e Pr.:
A alcaldesa

M.^a de las Mercedes Fernández González

Alejandra Pérez Máquez